

Graciñas

A Xunta Directiva da Asociación "Amadores da Música" quer deixar feita pública testemuña de agradecimento ás institucións e ás asociacións irmáns que, dun xeito ou doutro, teñen contribuído a que a Banda de Música de Ribadeo sexa hoxe unha fermosa realidade.

Ao Excmo. Concello de Ribadeo, pola colaboración económica e infraestrutural prestada e ofrecida. A Excm. Deputación Provincial. A Consellaria de Cultura da Xunta de Galiza.

Graciñas á Asociación de Comerciantes de Ribadeo, primeiriños en botar unha man. Sobranceiro agradecimento debemos á Sociedade Filantrópico-Dramática ribadense que, facendo honra de nome e tradición, deunos un respaldo financeiro do que damos hoxe a máis afervoada testemuña.

Moitos, moitísimos particulares colaboraron e colaboran no proxecto. A relación faise impracticábel. Hai dous casos que de nengun xeito podemos eludir: Manuel del Río López Pasarón cedeu os primeiros instrumentos, que obtivera na subasta de material da vella banda, para uso dos educandos, e Xavier Iglesias, acompañado de dous músicos, participou desinteresadamente, sen reparar en gastos nen moléstias, nun programa-concurso da televisión para que cos cartos gañados pudésemos adquirir os Timbais. Graciñas.


Xunta Directiva de "Amadores da Música".

Evaristo Lombardero Rico
Carlos Díaz Suárez
Víctor M. Sanjurjo Láncara
Ana M.ª Rodríguez Oroza
António Deaño Gamallo
Aurora López Rodil
António Gregorio Montes




ACADEMIA DE MUSICA
"CARLOS ALVAREZ FERNANDEZ-CID"

RIBADEO



BANDA

ASOCIACION
AMADORES DA MUSICA
ACADEMIA DE MUSICA
CARLOS A. FDEZ. - CID



A Banda, a ledicia que

Certo orgullo, nunca sobérbia, recoñecemos no primeiro que queremos aqui dicer: a nova Banda de Música de Ribadeo concorre á cita co público case un ano por diante do previsto. Isto outorga ao acontecemento unha significación engadida ao cobizoso proxecto orixinal, aparte de tumbar máis cedo que tarde algúns escepticismo: a concepción do proxecto de re-fundación da Banda de Música de Ribadeo foi un atino, e o que é máis importante, gañou a confianza de centos de sócios e, nomeadamente, o esforzo pacientísimo dos xóvenes... que ao cabo compoñen a prantiña inicial do colectivo. O Director alude reiteradamente á intelixéncia da xeneralidade dos membros da agrupación para explicar os meses gañados ao período primitivo de tres anos nos que se comprometía a pór a Banda na rua.


Contodo, o andado desde Outubro de 1989 en que comezaran aquelas masivas leicións de solfeo para nenos, mozos e adultos non foi precisamente un paseo ao sol. Poucos, mois poucos dos inscriptos entón lian música e praticamente nengun coñecía os rudimentos dalgún instrumento de vento. Había, xa que logo, moito que traballar. Os primeiros grupos entraban na Casa do Mar á saída dos centros de primaria e os últimos voltaban á casa logo das dez da noite. Axiña comezaron os máis avantaxados a procurar longos sons nos humildes instrumentos que ian chegando. Escalas, arpéxios e, no verán, unha marcha procesional

Ribadeo nunca esqueceu

entre quince discutiblemente afinados... Unha alborada, un sinxelo paso-dobre... Novos solistas fóreronse incorporando á práctica instrumental e más logo ao grupo estable que "ensaiaba" en conxunto. Hai un ano que se iniciou a preparación pasenña do valente programa do concerto de presentación ao que agora chegamos.

Traballo, pois. Traballo e máis traballo. Se alguén coñece outro vieiro no mundo da música para chegar dignamente a algures, que nolo sinale. Aos organizadores e aos componentes da Banda de Ribadeo antóllasenos, nesta salutación, a paráfrase dun título de Neruda: "Confesamos que temos traballado". Agora o público, como é de rigor, ten a palabra.

Cabería tamén a cita do poemario de Fernández Retamar *Temos construído unha alegria esquecida* se non for porque Ribadeo, como demostran as expectativas en nós depositadas, nunca esqueceu a sua Banda, esa sua alegria agora reconstruida. Estimamos recoller o sentir dun Ribadeo tradicionalmente musical se constatamos nestas páxinas unha lembranza histórica para os músicos (presentes e ausentes) que pertenceron á Banda Municipal de Ribadeo, que pechou os seus atris hai máis de trinta anos. Saíban quen foron os Directores, don Emilio Carricoba, don Salvador Calatayud, don Carlos A. Fdez.-Cid, don Jesús Pérez Rivas... que o seu labor cultural e social de entón retomouse agora en Ribadeo con vocación de futuro.



RIBADEO



BANDA

O concerto de presentación

Recurrimos a un binómio léxico convertido en tópico nos últimos tempos para sinalar globalmente, neste breve comentario de intención didáctica, a ideia que preside o programa ensaiado e que ao cabo apresenta a Banda de Ribadeo: *tradición e modernidade*. Se cadría habería que engadir a significación da presencia de autores "clásicos" nel.

A nova Banda de Música de Ribadeo concebíuse polo seu Director como unha Banda dos tempos de hoxe que sen embargo non podía obviar a bagaxe tradicional, no que a repertorio fai, destas agrupacións. Música galega, entón, que ten conquistado en case un século a condición de popular, había figurar no noso repertorio: *Airiños, aires!* é unha rapsódia sobre temas tradicionais galegos do compositor lugués Gustavo Freire (1885–1948). *Negra sombra*, do tamén lugués Xoán Montes (1840–1899), é se cadría a balada galega de autor máis célebre e sen dúbida a más entremecedora, ao que contribue o poema de Rosalía de Castro; oferecemos unha versión instrumental para Banda. O estudo da historia da música galega Xoán M. Carreira ten escrito: "As veces compre matinar se Galiza lle perdoou a Baudot ter composto poemas sinfónicos ou óperas, xa que o principal nemigo de Baudot semella seguir sendo un paso-dobre de calidade extraordinaria titulado *Lugo–Ferrol*". O que sería imperdoábel é que unha Banda, veterana ou nova, non tocase *Lugo–Ferrol*; no entanto, a de Ribadeo agarda, con Galiza, a recuperación e difusión da monumental obra sinfónica e dramática de Gregorio Baudot (1884–1938), a quen o mesmo crítico considera o Wagner galego. O xermánico auténtico tamén está presente no programa cunha páxina célebre: o Coro de Peregrinos da ópera *Tannhäuser*. Nunha sociedade musical con tantas carências como a galega, a interpretación polas Bandas de páxinas sinfónicas, na correspondente transcripción instrumental, en substitución non pretenciosa das polo de agora inexistentes orquestras sinfónicas, é algo inexcusábel. A carón, unha peza doutro autor "sério": a *Marcha Militar n.º 1* do romántico Franz Schubert.

De sempre as Bandas veñen tocando seleccións de zarzuelas célebres. A elección de *Katiushka*, do basco Pablo Sorozábal, non é gratuita: un tenor ribadense, Manuel Cortés, participou na sua estrea en Madrid no 1932. Esta é a nosa homenaxe.

E modernidade. A *Simple Symphony* do xoven holandés Kees Vlak é una obra didáctica moi recente, baseada en melodías populares de trascendencia universal, destinada a facer intelixible aos xóvenes músicos e ouvintes a estrutura dunha sinfonía clásica. Ritmos quedados, disoánncias para ouvidos do presente, xiros melódicos do jazz tradicional e do moderno.... de todo isto hai na selección de temas dunha ópera moderna como *West side story*, do xenial Leonard Bernstein, finado hai pouco máis dun ano.

Un outro paso-dobre de toda a vida para rematar o concerto: *Amparito Roca*, de J. Texidor. Que todo sexa do seu agrado.

Sábado 25 de Xaneiro de 1992

8,30 da tarde

Igrexa Parroquial de Ribadeo

PROGRAMA

PRIMEIRA PARTE

<i>Marcha Militar n.º 1, Op. 51</i>	F. Schubert
<i>Airiños, aires! (Rapsódia galega)</i>	G. Freire
<i>Balada galega (Negra sombra)</i>	J. Montes
<i>Katiushka (1.º Fantasia da Zarzuela)</i>	P. Sorozábal
<i>Lugo–Ferrol (Paso-dobre)</i>	G. Baudot

SEGUNDA PARTE

<i>Simple Symphony for Band</i>	Kees Vlak
I. Moderato	
II. Andante	
III. Rondó	
<i>Tannhäuser (Coro de Peregrinos)</i>	R. Wagner
<i>West side story (Selección)</i>	L. Bernstein
<i>Amparito Roca (Paso-dobre)</i>	J. Texidor

RIBADEO



BANDA

A Banda de Música de Ribadeo

son:

Frautas:

Gregoria Gómez Alonso (tamén **Frautin**)
 Clara M.º Díaz Vijande
 Rosario Rodríguez Costoya

Requinto:

Elisa Rodríguez Costoya

Clarinetes:

Mónica Villar Rodríguez
 Rubén Fernández Fernández
 Fátima Solloso Irimia
 María Fernández Ramil
 M.º Antonia Valle Iglesias
 Hortensia Irimia Pimentel
 Mara Rodríguez Cancio
 Luisa M.º Sanjurjo Santar
 Enrique Campos Dorado
 Antonio Gregorio Montes

Saxofón soprano:

Ana Belén Martínez Rodríguez

Saxofóns altos:

Xavier Penelo Riva
 Xoán Rodríguez Rañón
 Bibiana Riaño Méndez
 Ana Belinda Sanjurjo Reigosa

Saxofóns tenores:

Aurora López Rodil
 Xesús Sierra Fernández de Soto

Fliscornos:

Rubén Solloso Irimia
 Diego Riaño Méndez

Trompetas:

Víctor M. Sanjurjo Río
 Noel Fernández Marcos
 David Fernández Marcos

Trompas:

M.º Visitación Docobo López
 Olaia Fernández Ramil

Trombóns:

Aurora Fernández Peña
 Fernando Rodríguez Raño
 Rocío Méndez Iglesias

Bombardinos:

Beatrix Lombao Gómez
 Xavier Iglesias López


Tubas:

Víctor Manuel Sanjurjo Láncara
 Xosé Luís Fernández Da Costa
 Daniel Rodríguez Saavedra

Percusión:

Xavier Fernández Fernández
 Marcos Rodríguez Rodríguez
 César David López Martínez
 Diego Roca Martínez

O Director



Hernán Naval.
 Viveiro, 1962.

Estudou Trompeta e Piano. Acudió aos Conservatorios da Coruña, Lugo, Santiago e Madrid. É profesor titulado de música nas especialidades de vento-metal e conxunto instrumental. Asistiu a cursos de técnica e interpretación con José Ortí, trompeta solista da Orquestra Nacional.

Formou e dirixiu durante dous anos a Coral Polifónica de San Cibrán (Cervo), coa que estreou algunha breve composición coral.

Até hai pouco foi profesor do Conservatorio de Música de Viveiro.

Formou e agora dirixe a Banda de Música de Ribadeo.